

## CONVOCATORIA DE REUNIÓN ORDINARIA DE XUNTA GOBERNO

**DATA:** Luns, 29 de agosto de 2022

**HORARIO:** 17.30h – 20.00h

**LUGAR:** Sede do Colexio na Rúa Dublín nº6 – Santiago de Compostela.

### **RELACIÓN DE PERSOAS ASISTENTES:**

---

Miriam Rodríguez Sierra (Presidencia)	Adriana Vieites Freire (Vogal)
Antonio Doval Canabal (Tesouraría)	Nerea Fernández Gómez (Técnica COTSG)
Elena Gómez Fernández (Vogal)	Fe Sampayo (Técnica COTSG – departamento formación)
Cristina Díaz Mira (Vogal)	

### **RELACIÓN DE PERSOAS AUSENTES**

Ana Vilar Varela (Vicepresidencia)

Ana María Rodríguez Fernández (Secretaría) delega o seu voto en Miriam Rodríguez

María Rosario Capelo Casas (Vogal) delega o seu voto en Elena Gómez

Pablo Antelo García (Vogal) delega o seu voto en Cristina Díaz

Laura Zapata Criado (Vogal) delega o seu voto en Adriana Vietes

### **1. Aprobar, se procede, a acta da Reunión Ordinaria do 19.07.2022**

O Secretario, Antonio Doval, indica que falta o número de altas e baixas na acta anterior.

Así mesmo, subsanado o erro proceden a aprobar por unanimidade a acta da sesión anterior.

### **2. Informar sobre as condicións para as posibles formacións que poden ser conveniadas coas universidades**

As Técnicas Fe Sampayo e Nerea Fernández dan conta á Xunta de Goberno das reunións mantidas coas Universidades galegas: USC, Uvigo e UDC, para trazar liñas de colaboración de posibles formacións entre ambas entidades.

Na exposición xorden as seguintes dúbidas que fican á espera de resposta:

- Persoas destinatarias: O Colexio como entidade promotora da formación, pode establecer o perfil de persoas participantes, é dicir, poderían ser unicamente traballadores/as sociais ou é preciso que estea aberto a outros perfís profesionais?
- De estar aberto a outros perfís profesionais, podería haber unha reserva de prazas para traballadores/as sociais?
- No suposto de que desde o COTSG se realizase unha aportación económica para a formación (bolsas), estas bolsas poden dirixirse exclusivamente ás persoas colexiadas que participan na formación tendo en conta que podería haber outros perfís de alumnado?
- Posibilidade de establecer convenio de colaboración aínda que, a priori, nos indicaran que non era preciso.

Alén diso, a Xunta de Goberno acorda comezar o procedemento para facer convenios coa Universitat Oberta de Catalunya e a Universidade de Santiago de Compostela para levar a cabo na comunidade Autónoma de Galicia o Posgraou en Supervisión.

### **3. Revista Fervenzas. Aprobar, se procede:**

A Xunta de Goberno aproba por unanimidade

- O orzamento da edición especial física dos 25 anos da revista.

- Non se aproba o Orzamento da edición nº26 ordinaria de fervenzas (150€ exemplares), entendendo que a evolución da revista será cara a dixitalización.
- A dixitalización da revista, será levada a cabo polo asesor informático do COTSG Miguel Maroño
- A subscrición farase na páxina web para que as e os profesionais que o precisan poidan estar ao corrente das novidades da Revista.

Respecto ao ACTO de FERVENZAS, acordase o seguinte:

- Concretar coa EUTS a dispoñibilidade para o evento o 20 de XANEIRO.
- Consultar a posibilidade de que se retransmita en directo.
- Elaborar un Timmin e orzamento do Acto do XV aniversario de Fervenzas para aprobar en Xunta de Goberno.
  - Orzamentos:
    - Desprazamentos das persoas convidadas
    - Ágape
    - Agasallos para as profesionais convidadas e Mesa de redacción de Fervenzas
    - Posible Merchandaising para a Revista Fervenzas e o acto de XV aniversario.

Asemade, acordase convidar ás e ós profesionais que tiveron responsabilidades na Revista Fervenzas dende os seus inicios.

Elena Gómez, Rosi Capelo e Miriam Rodríguez encargáranse da supervisión dos preparativos do acto.

#### **4. Proposta dos 40 anos de Colexios Profesionais**

Toma a palabra a vogal Elena Gómez, expoñendo que no ano 2022 se celebran os 40 anos de creación dos Colexios Oficiais de Traballo Social, e para elo, propón organizar un acto que teña

como principais obxectivos poñer en valor a evolución da entidade institucional, da profesión en si mesma e a reflexión de todos os logros conseguidos ate o momento.

A Xunta de Goberno decide celebrar este acto o Día Mundial do Traballo Social 2023.

Acordase comezar a planificar este proxecto.

## **5. Aprobar, se procede, orzamento das axendas.**

A Xunta de goberno acorda solicitar un novo orzamento para as axendas do ano 2023 cunha característica diferente: Que sexa con aneis.

Posponse a decisión á espera dun novo orzamento.

## **6. Aprobar, se procede, a organización da Marcha polo Día Mundial da Saúde Mental (10 de outubro).**

Antonio Doval expón a solicitude do grupo de Saúde Mental en levar a cabo unha marcha para o Día Mundial da Saúde Mental.

A Xunta de Goberno, atendendo ao tempo, instan a que o grupo poida reunirse coa maior premura para delimitar a actividade (tempos, recorrido, convites a entidades, etc.).

## **7. Informar da Reunión mantida coa Dirección Xeral de Xustiza**

Miriam Rodríguez informa de que ante a proposta por parte da Dirección Xeral de Xustiza de efectuar un Convenio de colaboración co Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia para abordar a **problemática existente co retraso para a elaboración de informes psicosociais por parte do Instituto de Medicina Legal de Galicia en materia de dereito de familia**, a resposta foi apostar polos servizos públicos e instar a reforzar as Unidades Psicosociais do IMELGA

## **8. Rogos e Preguntas**

A vogal Elena Gómez solicita ás persoas integrantes da Xunta de Goberno convocar unha reunión para traballar, como equipo, a temática do Modelo de Servizos Sociais. Así mesmo, indica a posibilidade de que a Vicepresidenta e integrante do Consello, Ana Vilar, poida facilitarlles unha formación respecto a esta temática.

Asemade, Gómez engade a opción de organizar de cara o ano 2024 un Congreso Galaico/luso que trate a organización e encontro coas boas prácticas doutras comunidades e países, en relación a infancia, dependencia e o sistema de servizos sociais. Neste senso, insta a comezar a establecer contacto con outras comunidades e países.

Altas:	Baixas:
4270 4271 4272 4273	1073
4274 4275 4276 4277	2524
4278 4279 4280 4281	
4282 4283 4284 4285	
4286 4287	
<b>Total colexiados/as:</b>	<b>3240</b>

**Visto e praxe:**

A Presidenta

O Secretario Accidental

Asdo: Miriam Rodríguez Sierra

Asdo: Antonio Doval Canabal